

1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina Web: www.deportegalego.es

A data de peche de inscrición é o **31 de xaneiro de 2015**.

Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

2. PARTICIPANTES

INSCRICIÓN

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPA, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individual e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculino e feminino).

3. CATEGORÍAS

Categoría BENXAMÍN: feminino, masculino, nados nos anos **2006-2005**.

Categoría ALEVÍN: feminino, masculino, nados nos anos **2004-2003**.

Categoría INFANTIL: feminino, masculino, nados nos anos **2002-2001**.

Categoría CADETE: feminino, masculino, nados nos anos **2000-1999**.

Os equipos poden estar compostos por un máximo de seis persoas (rapaces ou rapazas), e puntuarán os/as 3 mellores.

4. DISTANCIAS A PERCORRER

| CATEGORÍAS | | | |
|------------|---------|----------------------|---------|
| Benxamín | 500 m | 2.000 m bicicleta | 250 m |
| Alevín | 1.000 m | 4.000 m bicicleta | 500 m |
| Infantil | 1.500 m | 6.000 m bicicleta | 750 m |
| Cadete | 2.000 m | 8.000 m bicicleta | 1.000 m |

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Fase zonal

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás que se poden anotar todos os deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias nas que clasificarán para a final Provincial os /as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias a nivel individual. Non haberá clasificación por equipos.

Campionato provincial

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Participarán os/as clasificados/as a nivel individual nas fases previas que, de ter o número necesario de

deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Clasificarán para a Final Galega os/as 8 primeiros/as a nivel individual e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada Provincia.

No caso de que a participación no Provincial sexa inferior a 8, as prazas non cubertas para a Final Galega repartiranse proporcionalmente nas Provincias de máis participación

Campionato Galego

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete

Participarán na Final Galega os/as 8 primeiros/as a nivel individual e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada Provincia.

6.REGRAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

Ciclismo

Obrigatorio o uso correcto do casco e non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

7. DATAS

Campionato España de triatlón: sede e datas por determinar.

8.OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación: www.fegatri.org

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

Así mesmo, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: deporte.xunta.es, e na do Programa Xogade: xogade.xunta.es.